

1. Contesta.

a. Describe a política exterior de Xapón, Italia e Alemaña en dúas palabras.

Políticas exteriores agresivas e expansionistas.

b. Cales foron as tres premisas principais do programa político de Hitler dende 1933?

- panxermanismo (unificación dos territorios habitados por alemáns),
- rexeitamento ás fronteiras impostas no Tratado de Versalles,
- expansionismo territorial para asegurar as materias primas e o rearmamento.

c. Que é o eixe Berlín-Roma? Tratado bilateral entre Italia e Alemaña para fortalecer a súa relación E o pacto Antikomintern?

Pacto anticomunista firmado por Xapón e Alemaña contra a URSS, posteriormente se sumou Italia

2. Contesta as cuestións seguintes.

a. En que consistiu a política de contención? Consiste nunha política de cesión ante as pretensións e anexións alemáns por parte das potencias occidentais co obxectivo de evitar a guerra

Quen participou na Conferencia de Múnic? Hitler, Chamberlain, Mussolini e Daladier, por parte de Alemaña, Gran Bretaña, Italia e Francia; respectivamente.

Que se decidiu nesa conferencia?

Aceptáronse as esixencias territoriais de Hitler ata ese momento e entregáronlle toda Checoslovaquia (Hitler non debía facer máis demandas territoriais a partir dese momento).

b. Cal é o detonante da guerra? A invasión de Polonia.

Por que neste caso as potencias da Europa occidental si reaccionan?

Polonia asinara unha alianza defensiva con Francia e Gran Bretaña nun pacto de asistencia que garantizaba a súa independencia. (Polonia nacera do Tratado de Varsovia e era un punto clave).

3. Lee o texto e contesta.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

Protocolo secreto do pacto xermano-soviético

1. No caso dun reacondicionamento territorial e político nas áreas pertencentes aos Estados bálticos (Finlandia, Estonia, Letonia e Lituania), a fronteira norte de Lituania representará os límites da esfera de influencia de Alemaña e da URSS. [...]
2. No caso dun reacondicionamento territorial e político nas áreas pertencentes ao Estado polaco, as esferas de influencia de Alemaña e da URSS serán limitadas pola liña dos ríos Narew, Vístula e San. [...]
3. En relación co sueste europeo, a parte soviética chama a atención sobre o seu interese en Besarabia. A parte alemá declara o seu completo desinterese político nesas áreas.
4. Este protocolo deberá ser tratado por ambas as partes en estrito segredo.

Moscova, 23 de agosto de 1939. Polo Goberno do Reich alemán, J. von RIBBENTROP. Pleniipotenciario do Goberno da URSS, V. MOLOTOV



3. Caricatura do pacto xermano-soviético.

a. Que é o Pacto de non agresión de 1939? Era un pacto no que a URSS e a Alemaña nazi acordaban non atacarse. Incluía un protocolo secreto.

Quen o firma? Quen son os líderes de Alemaña e a URSS nese momento?

- Por Alemaña firma Ribbentrop e pola URSS Molotov.
- Os líderes son Stalin e Hitler.

b. Que relación ten este pacto con Polonia? Que outros territorios se ven afectados?

No protocolo secreto ambos países se reparten Polonia.

Ademais, a URSS obtiña Finlandia e os Estados bálticos (parte de imperio ruso ata a 1ª GM).

c. Como o xustifica Alemaña?


E a URSS?

Hitler quería evitar unha guerra en dúas fronteas, asegurándose a neutralidade da URSS.


Stalin xustificou o acordo pola hostilidade das potencias occidentais cara á URSS e para evitar unha agresión alemá (durante moito tempo insistiu ás potencias occidentais que era necesario un pacto contra a Alemaña nazi).

4. a. Fai unha liña do tempo cos datos seguintes. Causas e detonantes

1931	Alemaña anexiona Austria (Anschluss)
1935	Alemaña invade Polonia-Comeza a 2ª GM.
1935	Alemania anexiona os Sudetes (Chec.)
1938	Italia invade Etiopía
1938	Xapón ocupa Manchuria
1939	Alemaña anexiona o resto de Checoslovaquia
1939	Alemaña incorpora o Sarre



b. Indica na seguinte mapa mudo as sucesivas incorporacións de Alemaña antes da guerra. Pinta as zonas e indica o ano e a orden de incorporación de cada territorio.



5. Completa o cadro sobre as fases da IIª GM poñendo os conceptos en orde cronolóxica.

Unha vez feito cos conceptos do bloque a) complétaos cos do bloque b).

A guerra antes da guerra (1931-39), A ofensiva do eixo (1939-41), A vitoria aliada (1942-45).

a) A guerra lostrego, Frente do Pacífico, A invasión da URSS, A expansión fascista, Frente Leste, Ofensiva final aliada, Fracaso da política de contención, Detonante da guerra, A entrada dos EEUU, Frente Sur.

b) Batalla de Kursk, Ocupación de Berlín, Pacto de non agresión Ruso-alemán, ...

Fases	Subfases (a)	Fitos (b)
A guerra antes da guerra (1931-39)	A expansión fascista	- Xapón ocupou Manchuria - Italia invadiu Etiopía - Alemaña incorpora o Sarre - Eixe Berlín-Roma-Toquio
	Fracaso da política de contención	- Alemaña invade Austria-Sudetes-Chequia
	Detonante da guerra	- Pacto de non agresión Ruso-alemán - Alemaña invade Polonia
A ofensiva do eixo (1939-41)	A guerra lostrego	- A retirada de Dunkerque - Francia ocupada e dividida - Batalla de Inglaterra - Ofensiva N de África (África Korps)
	A invasión da URSS	- O inverno ruso
	A entrada dos EEUU	- Pearl Harbor
A vitoria aliada (1942-45)	Frente Leste	- Batalla de Stalingrado (URSS) - Batalla de Kursk (URSS)
	Frente Sur	- Batalla de El Alamein (N de África) - Invasión de Italia por el sur
	Frente do Pacífico	- Batalla de Midway (Pacífico) - Batalla de Guadalcanal-"Saltos de ra"(Pacífico)
	Ofensiva final aliada	- Desembarco de Normandía - Ocupación de Berlín - Bombas atómicas (Hiroshima e Nagasaki)


- Indica os dous bloques que se formaron na guerra e os seus principais protagonistas.

- O Eixe: Alemaña, Xapón e Italia

- Os aliados: Gran Bretaña, EEUU, URSS... e Francia

6. Ordena os feitos de cada bloque e fai as seguinte liñas do tempo.

abril de 1940	Alemaña ataca Dinamarca e Noruega
maio de 1940	Alemaña ataca os Países Baixos e Bélxica
xuño de 1940	Alemaña ocupa Francia - Vichy
xullo de 1940	Batalla de Inglaterra
xuño de 1941	Alemaña invade a URSS
decembro de 1941	Pearl Harbor – EEUU entra na guerra
xuño de 1942	Batalla de Midway
outubro de 1942	Batalla de El Alamein
febreiro de 1943	Batalla de Stalingrado
febreiro de 1943	batalla de Guadalcanal
xullo de 1943	invasión de Italia
agosto de 1943	Batalla de Kursk
xuño de 1944	desembarco de Normandía
abril de 1945	ocuparon Berlín
agosto de 1945	Hiroshima e Nagasaki
Setembro de 1945	Xapón asinou a rendición incondicional



7. a. Analiza o mapa e indica:



a. Que países forman parte do Eixe en Europa?

Alemaña e Italia

b. Que países son aliados ou teñen gobernos “títeres”?

Finlandia, Francia de Vichy, Eslovaquia, Hungría, Romanía e Bulgaria.

c. Que países foron conquistados por Alemaña?

Noruega, Dinamarca, Países Baixos, Bélxica, Francia, Grecia, Iugoslavia, Polonia e parte occidental da URSS (Ucráina, Bielorrusia, países Bálticos).

d. Que países son aliados contra o Eixe?

Só o Reino Unido e a URSS.

8. Lee o texto e contesta

a. Cales foron as dúas conferencias de paz mais importantes da IIª GM?

As conferencias de Ialta e Potsdam.

Quen foron os protagonistas?

En Ialta: Stalin, Roosevelt e Churchill.

En Potsdam:

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

Conferencia de Ialta

O Reino Unido, os Estados Unidos de América e a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas terán suprema autoridade con respecto a Alemaña. No exercicio de tal autoridade, tomarán as medidas –incluíndo o total desarmamento, a desmilitarización e o desmembramento de Alemaña– que estimen necesarias para a futura paz e seguridade. [...]

Protocolo do 11 de febreiro de 1945



- Que líderes asistiron a esta conferencia?
- Que medidas se citan no texto?



20. Churchill, Roosevelt e Stalin en Ialta.

b. Que decisións se adoptaron en cada unha delas?

- **Alemaña dividiuse en catro zonas** administradas cada unha por unha potencia vencedora (EEUU, URSS, Gran Bretaña e Francia). Berlín e Austria tamén foron dividida.
- Aprobouse a "**desnazificación**" de Alemaña, así como xulgar os criminais de guerra.
- Fixáronse as **reparacións de guerra** que Alemaña debería pagar.
- Concretáronse as **fronteiras de Polonia e os cambios territoriais** consecuencia da guerra.


9. Contesta e completa

a. Que é a ONU? Cando se creou?

É a Organización das Nacións Unidas.

En xuño de 1945 na Conferencia de San Francisco.

b. Completa.



10. Contesta e completa.

a. Explica o que foi o Holocausto. A que colectivos afectou?

O exterminio premeditado, planificado e sistemático das comunidades xudías en Europa

b. Completa.

- As primeiras medidas contra os xudeus adoptáronse en 1933 e consistiron en eliminalos da vida pública e minguar a súa capacidade económica.

O Reich promulgou en 1935 as leis de Núremberg, que excluiron os xudeus da cidadanía alemá e prohibiron os matrimonios mixtos entre cidadáns alemáns e xudeus.

En 1938 comezaron as campañas de "arianización", que tiñan como obxectivo apropiarse dos seus negocios e das propiedades. Moitos víronse obrigados a vender os seus bens.

- A noite do 9 ao 10 de novembro dese mesmo ano produciuse en Alemaña e Austria a "noite dos cristais rotos", os nazis saquearon sinagogas, vivendas e establecementos xudeus.

En setembro de 1939, a invasión de Polonia, país que contaba cuns tres millóns de xudeus, marcou unha nova escalada na violencia antisemita. As autoridades nazis promoveron unha nova forma de reclusión e crearon os guetos, que eran os barrios das cidades onde se obrigaba a concentrarse á poboación xudía, someténdoa a unhas condicións extremas de pobreza e desabastecemento.

No verán de 1941, coa invasión alemá da Unión Soviética, onde vivían millóns de xudeus, entrouse na fase máis brutal do xenocidio.

Adoptouse a chamada Solución Final, que provocou a eliminación masiva e planificada dos xudeus en cámaras de gas e a súa desaparición nos fornos crematorios dos campos de exterminio.

c. Indica un par de campos de exterminio.

Sobibor, Treblinka, Auschwitz-Birkenau...

11. Contesta

a) Enumera e explica brevemente as 4 principais consecuencias da IIª GM?

- As perdas humanas: máis de 60 millóns de mortos, uns 35 millóns de feridos e arredor de 3 millóns de desaparecidos, uns 40 millóns de persoas desprazados.
- Os efectos morais: os superviventes sufriron un intenso trauma, conscientes da crueldade do ser humano: campos de concentración nazi e xaponeses, bombas atómicas...
- As consecuencias económicas: desaparecen as vías de comunicación, os campos e a estrutura produtiva...
- Os cambios políticos e territoriais: Europa occidental perdeu os imperios e a hexemonía política mundial, que pasou a mans de EEUU e da URSS; xestouse a necesidade da unificación de Europa...

b. Observa o mapa dos cambios territoriais dos apuntes e sinala:

- Os territorios ocupados pola URSS:

Os países Bálticos (Lituania, Letonia, Estonia), Carelia, Rutenia, Bucovina...

- Territorios que pasan de Alemaña a Polonia:

A parte máis oriental de Alemaña, incluída Prusia Oriental.

- Que sucede en Alemana?

Alemaña dividiuse en catro zonas administradas (zonas de EEUU, URSS, Gran Bretaña e Francia), Berlín tamén se divide en 4.

c. Enlaza estes cambios territoriais cas consecuencias demográficas.

As cesións territoriais que se poden observar son a causa principal dos 40 millóns de desprazados tralo final da guerra.

12. Contesta.

a) Que foron os xuízos de Nuremberg?

Xuízo por crimes de guerra e crimes contra a humanidade levado a cabo contra altos cargos nazis

b) Que foi o colaboracionismo?

Minoría da poboación que colaborou ca ocupación e aceptou o “novo orde” instaurado polos nazis.

Que razóns había para colaborar?

Algúns compartían a ideoloxía nazi, outros fixérono por temor a extensión do comunismo e tamén por mero oportunismo.

Pon un par de exemplos.

O réxime noruegués de Vidkun Quisling e o Goberno francés de Vichy, baixo o mando do mariscal Pétain.

c) Que foi a resistencia?

Un movemento clandestino que rexeitaba á ocupación alemá.

Pon 2 exemplos.

Francia liderada por Charles de Gaulle e a Iugoslavia de Tito.

Cal foi a “cidade da liberdade” para a resistencias?

Londres converteuse na cidade da liberdade